

PROXECTO EDA2008

INFORMACIÓN

Francisco José Docampo González (I.E.S. San Paio - Tui)

DISPOÑIBILIDADE DA AULA:

O centro conta con dúas aulas de informática denominadas Informática I e Informática II. A primeira delas é onde se imparten as clases de 4º ESO, “Iniciación á Tecnoloxía Informática” e a segunda utilízase para dar clase de Tecnoloxía da ESO. Por ser esta última a que ten menos ocupación, solicitouse do equipo directivo a reserva de 3 horas semanais nesa aula, no horario do grupo elixido, 4º ESO – A, o que nos garante a dispoñibilidade da aula nas datas previstas.

CARACTERÍSTICAS DOS ORDENADORES:

A aula consta de 15 ordenadores de sobremesa que se estrearán neste curso, máis un ordenador portátil que está a disposición do profesor e no que hai instalado un programa de control de aulas, iTALC.

Características dos ordenadores de sobremesa:

- **Modelo:** DELL Optiplex 740
- **Procesador:** AMD Athlon (tm) 64x2 Dual Core Processor 5600+
- **Memoria RAM:** DDR2 - 1024 MB
- **Monitor:** DELL 1708FP de 17 pulgadas.
- **Tarxeta gráfica:** NVIDIA Quadro NVS 210S con 256 MB de memoria.
- **Sistema Operativo:** Microsoft Windows XP Profesional e
SUSE LINUX 10.4

Características do ordenador portátil:

- **Modelo:** DELL Latitude D820
- **Procesador:** Intel(R) Core(TM) 2CPU T7200 @ 2.00 GHZ (2CPUs)
- **Memoria RAM:** DDR2 – 1024 MB
- **Pantalla:** 15,4 pulgadas
- **Tarxeta gráfica:** Mobil Intel(R) 945GM Express Chipset de 256 MB de memoria.
- **Sistema operativo:** Microsoft Windows XP Profesional e
SUSE LINUX 10.1

AGRUPAMENTO DO ALUMNADO NA AULA:

Tendo en conta que o número de ordenadores é menor que o número de alumnos (21 alumnos), vai a ser necesario que algúns compartan ordenador, procurando que non sexan sempre os mesmos, alternando o traballo individual co traballo en parella.

O traballo en parella pode resultar máis ameno e moi beneficioso xa que poden axudarse uns aos outros e os criterios a seguir para a formación das parellas vai a ser por libre elección buscando que o alumno se encontre a gusto na clase.

Nalgunha ocasión, tamén se pode buscar algunha asociación procurando que algún alumno avantaxado axude a outro máis atrasado.

DISTRIBUCIÓN DOS EQUIPOS:

Os ordenadores distribúense na aula en forma de U invertida, enfronte ás paredes e de costas á mesa do profesor. Na parte central, enfronte a mesa do profesor e un encerado, encóntranse un conxunto de pupitres que permiten impartir algunha explicación polo método tradicional, utilizando o encerado e o xiz.

CONECTIVIDADE Á REDE INTERNET:

A aula, Informática II, dispón dun punto de acceso inalámbrico (NETGEAR WNR834B – 100FSS) que da conexión a internet mediante WI-FI.

OUTROS MEDIOS DIDÁCTICOS:

O seminario de Matemáticas dispón de un canón de vídeo e unha pizarra dixital que se podería utilizar en caso de necesidade.